

Santín esixe á Xunta que manteña todas as camas no HULA para que “os doentes non se amontonen como mercadorías nos corredores do Hospital”

O secretario Provincial amosa a súa preocupación pola decisión do SERGAS, que afecta ás especialidades de Xeriatria e Medicina Interna, pois “suporá un deterioro da calidade asistencial dos lucenses”

Considera que “este novo recorte levado a cabo polos dirixentes do PP desembocará nun novo caos hospitalario”; motivo polo que solicita á consellería “que poña os medios necesarios”, xa que “estes servizos son extraordinariamente importantes”, afirma o secretario Provincial

Lamenta que a xerencia adoptase esta decisión “sen miramentos”. “Pouco se pode presumir delo, cando en Lugo vivimos un auténtico problema de atención sanitaria e, na provincia, hai médicos que se teñen que desprazar aos pobos colindantes, de tal xeito os cidadáns se atopan coa consulta desatendida”, critica

A situación do HULA non é allea aos outros dous hospitais da provincia. Este ano, no caso do da Costa e de Monforte, o peche de camas “volve a ser tristemente histórico”. En 2014, no primeiro caso, as camas inhabilitadas foron 30 e, no segundo, 28

LUGO, 9 DE XUÑO DE 2015.- O secretario Provincial –Juan Carlos González Santín- amosa a súa preocupación pola decisión do SERGAS de pechar 68 camas nas especialidades de Xeriatria e Medicina Interna do HULA, pois “suporá un deterioro da calidade asistencial dos lucenses”. Por este motivo, González Santín esixe ao Goberno galego que manteña todas as prestacións sanitarias, “xa que é moi preocupante entrar nesa dinámica de traballo”, insiste.

E é que, segundo explica, “este novos recortes levados a cabo polos dirixentes do PP desembocarán nun novo caos hospitalario”; motivo polo que solicita á consellería de Sanidade “que poña os medios necesarios para que os doentes non se amontonen como mercadorías nos corredores do Lucus Augusti”, dado que “non podemos esquecer que estes servizos son extraordinariamente importantes”, afirma o secretario Provincial.

Neste senso, o socialista fai un chamamento “á coherencia”, xa que, do contrario, “non só estaríamos diante dun novo paso da Xunta de seguir desmantelando o noso Hospital, pois aínda estamos agardando por servizos básicos como o de Hemodinámica, senón que se contribuiría a aumentar notablemente as listaxes de espera”.

Tampouco se contrata persoal

A este respecto, González Santín lamenta que a xerencia adoptase esta decisión “sen miramentos”. “Pouco se pode presumir delo, cando en Lugo vivimos un auténtico problema de atención sanitaria e, na provincia, moitos médicos vense obrigados a desprazarse aos pobos colindantes, quedando o seu posto sen cubrir e os cidadáns se atopan coa consulta desatendida. É o caso de Navia Suarna, tal e como denunciámos recentemente”, destaca.

“Esta perversión súmase, engade o tamén deputado autonómico, á errática política encuberta do Partido Popular de non contratar persoal para suplir o aumento de permisos vacacionais dos

profesionais sanitarios". Así, ademais de infrautilizar un servizo básico para a cidadanía como é a o acceso á Sanidade, a Xunta renuncia á creación de emprego; unha situación "que non nos favorece en absoluto, pois, segundo o INE, a comunidade galega xa ten unha taxa de facultativos por debaixo da media nacional e, no caso de enfermaría, como a terceira pola cola", subliña.

"Peche tristemente histórico" tamén na provincia

A situación do HULA non é allea aos outros dous hospitais da provincia. No caso do da Costa e e Monforte, o peche de camas "este ano volve a ser tristemente histórico". En 2014, no primeiro caso, as camas inhabilitadas foron 30 e, no segundo, 28.

"Este peche desmesurado agocha, baixo unha decisión aparentemente administrativa, unha volta de rosca máis dos Gobernos da dereita cara ao deterioro da Sanidade. Dende que conflúe o PP na Xunta e no Goberno Central, Lugo só perdeu. Resulta evidente, por tanto, que non se consegue satisfacer a demanda dos usuarios do SERGAS debido a este inxustificado peche, e que os únicos beneficiarios deste sistema son as entidades concertadas que, un ano máis, verán incrementado o seu volume de negocio. É dicir, abandonamos o público para defender o privado", conclúe Santín.